



# Memoria 15/16



## Correspondentes Xuvenís 3.0



## Índice

<b>1. Introducción</b> .....	<b>3</b>
<b>2. Consecución dos obxectivos</b> .....	<b>6</b>
<b>3. Organización, desenvolvemento e metodoloxía</b> .....	<b>6</b>
<b>4. Avaliación</b> .....	<b>11</b>
<b>5. Profesorado</b> .....	<b>12</b>
<b>6. Bibliografía e ligazóns utilizadas</b> .....	<b>15</b>

# 1. Introducción


En teoría os xoves do século XXI teñen ao seu alcance a información relativa a todos os temas do seu interese. Porén a maioría son uns perfectos descoñecedor@s das múltiples posibilidades que teñen para completar a súa formación máis aló do instituto, tales como actividades de lecer que teñen ao seu alcance, propostas laborais, outras posibilidades de formación,....

É por isto que como continuación do traballo iniciado o curso pasado empregamos os mesmos medios para facer chegar toda a información aos rapaces e rapazas:

- O taboleiro de “INFOXOVE” situado na zona de conserxería na entrada do instituto, lugar polo que pasa todo o alumnado a diario.



- A páxina web do instituto, onde aparece un enlace á páxina do grupo de Correspondentes xuvenís



- A páxina de Symbaloo onde organizabamos e clasificabamos a información por temáticas (Bolsas e axudas, concursos e premios, cursos e campamentos, orientación académica, ...).



- A páxina de Facebook onde se actualizaban todas as novidades que aparecían sobre cursos, concursos, ...



- O punto de información e traballo na biblioteca do centro, cunha dobre función de informarnos e informar aos demais





## 2. Consecución dos obxectivos

Creemos que, en xeral, se acadaron os obxectivos inicialmente propostos no proxecto para este curso:

- ✓ Recibimos e difundimos a información que apareceu periodicamente na páxina [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net) e que consideremos que era de interese para o alumnado do instituto.
- ✓ Os rapaces e rapazas que formaron parte do proxecto favoreceron a participación e a maduración persoal do alumnado do centro, fomentando unha educación en valores para pensar e desenvolver o espírito crítico.
- ✓ Exercemos como punto de información real para os mozos e mozas da nosa contorna en canto ao acceso ás actividades, programas e carnés que ofrece a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- ✓ Tratamos de formar ao alumnado do centro na xestión e manexo da información.
- ✓ Contribuímos á mellora das Competencias Básicas de autonomía e iniciativa persoal, aprender a aprender, social e cidadá, comunicación lingüística e tratamento da información e competencia dixital.
- ✓ Traballamos interdisciplinarmente co apoio de diferentes departamentos e da dirección do centro.

## 3. Organización, desenvolvemento e metodoloxía



- Novembro 2015

Enviamos á Secretaría Xeral de Xuventude os datos requiridos sobre os compoñentes do grupo de Correspondentes e recibimos o primeiro correo de Oixuventude para poñer definitivamente en marcha o proxecto.

Realizamos a [distribución de tarefas](#) e asignación de funcións

FUNCIONS		CORRESPONDENTES
<b>COORDINACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación e supervisión de tarefas.</li> </ul>	Sandra Ruibal Santiago
<b>INFORMÁTICA REDES SOCIAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión da información a través das redes sociais:               <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ páxina web do centro</li> <li>✓ <a href="#">facebook</a></li> <li>✓ Symbaloo</li> </ul> </li> <li>• Revisión periódica da páxina web <a href="#">www.xuventude.net</a> e do correo electrónico para recoller información.</li> <li>• Revisar outras páxinas web con información xuvenil:               <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ INJUVE (<a href="#">www.injuve.es</a>) (<a href="https://www.facebook.com/InjuveSpain">https://www.facebook.com/InjuveSpain</a>)</li> <li>✓ MEC</li> <li>✓ Web do concello de Marín</li> </ul> </li> </ul>	José Otero Bargos Kimberley Estévez Meis Miguel Ángel Domínguez Carballo
<b>ORIENTACIÓN ACADÉMICA E TUTORÍA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preparación de materiais para titorías.</li> <li>• Creación dun programa de orientación académica, con información en symbaloo e no punto de información da Biblioteca.</li> <li>• Contacto coa oficina de xuventude do concello e revisión da información facilitada.</li> </ul>	Isabel Sanmiguel Suárez Naara Manso Acuña David Rosales Vázquez
<b>BIBLIOTECA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Responsable do punto de información da Biblioteca.</li> <li>• Difusión da información relacionada coa Biblioteca (novidades editoriais, exposicións,...).</li> </ul>	Casilda Basteiro Gómez Carlos T. Guimeráns Otero Aarón Touriño Méndez
<b>TABOLEIRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actualización do taboleiro xeral de información do centro (INFOXOVE) e distribución da información máis relevante polos taboleiros das aulas (por idades e cursos).</li> <li>• Preparación e impresión dos materiais para o taboleiro xeral e os das aulas clasificado por temáticas e idades.</li> </ul>	M <sup>a</sup> Antonia Segura Alcázar Carmen Martínez García Alba Sanmartín Carragal

Comezamos coas primeiras informacións no taboleiro de INFOXOVE



- Decembro 2015

Comezamos a nosa tarefa de difusión da información a través das redes sociais actualizando as distintas contas e enlaces e cargando diferentes contidos:

- ✓ A conta de correo electrónico: [correspondenteslandin@gmail.com](mailto:correspondenteslandin@gmail.com)
- ✓ O enlace na web do instituto á páxina de Correspondentes xuvenís: <http://goo.gl/zkR881>
- ✓ A páxina de Facebook: <https://goo.gl/1gVQge>
- ✓ A conta en Symbaloo: <https://goo.gl/pDB3XD>

- Xaneiro 2016

Coa colaboración do Departamento de Orientación actualizamos a guía de orientación académica e profesional na que priorizaremos os temas máis directamente relacionados co alumnado do noso Centro.



- Febreiro 2016

Continuamos actualizando periódicamente o taboleiro do centro e a información a través das redes sociais. Tamén decidimos elaborar un folleto informativo para impulsar o proxecto entre todo o alumnado do centro

- Marzo 2016

Continuamos actualizando os puntos de información para difundir todas as novas que nos van chegando. Os alumnos e alumnas do programa van, durante as sesións de titoría, a todos os grupos de alumnado a facerlles entrega do [folleto informativo](#) elaborado a tal efecto, á vez que lles explican en que consiste o proxecto e lles recordan onde poden acceder a toda a información. Fan especial fincapé na campaña de verán que está a punto de saír no DOG e na difusión da información relacionada co carné Xove



- Abril 2016

Continuamos actualizando e transmitindo a información recibida, intensificando o traballo en temas relacionados con campamentos e cursos de cara ao verán.

- Maio 2016

Continuamos a nosa labor informativa e nalgunha das nosas reunións semanais comezamos a analizar o traballo desenvolvido de cara a ir elaborando a memoria do proxecto.

- Xuño 2016

Rematamos dando as últimas novas que nos chegaron e avaliando o traballo realizado durante todo o curso, coa idea de sacar conclusións e puntos de mellora de cara ao próximo.

### **Metodoloxía**

Para o desenvolvemento do proxecto empregamos unha metodoloxía activa na que intentamos que @s membros do equipo aprenderan a espertar o seu interese pola investigación, a busca da información e a difusión da mesma. Empregamos algunha técnica de traballo grupal e cooperativo, así como recursos metodolóxicos procedentes do campo da dinámica de grupos.

Distribuímos seguindo un criterio de funcionalidade todos os aspectos a ter en conta: tarefas, asignación de funcións, responsabilidades, materiais, ...; sendo moi importante a colaboración do Equipo Directivo e do Departamento de Orientación na difusión do proxecto nas sesións de titoría.

Intentamos tamén implicar ao resto do alumnado do centro para facer chegar a toda a comunidade educativa aquelas novas destinadas a xoves de grupos de idade distintos ao rango da ESO.

## **4. Avaliación**

A avaliación do proxecto estaba dividida inicialmente en tres fases: inicial, intermedia e final.

### **Avaliación inicial**

Dado que este proxecto foi implantado no centro por primeira vez o curso pasado, procuramos facer unha avaliación inicial tomando como punto de partida o traballo xa iniciado e desenvolvido coa idea de que os obxectivos formulados foran realistas e factibles.

Despois de valorar dun xeito positivo o plantexamento inicial das actividades a realizar e os obxectivos a alcanzar, a coordinadora encargouse de explicar en que consistía o proxecto, tanto ao profesorado como ao alumnado de 4º de ESO, e de entre todos os interesados

seleccionáronse aquelas persoas que consideramos que fan responder positivamente para alcanzar os obxectivos propostos.

#### Avaliación intermedia

Fomos avaliando periódicamente o traballo desenvolvido coa idea de ir corrixindo erros e mellorando os puntos de información e acceso á mesma por parte da comunidade educativa.

Durante todo este proceso fomos introducindo cambios como os seguintes, a medida que observamos deficiencias:

- Unha mellor distribución da información no taboleiro da entrada do instituto.
- Actualización e reorganización da páxina de Symbaloo.
- Utilización da conta de Facebook como páxina pública para facilitar o acceso á información.
- No mes de marzo organizamos charlas informativas polas aulas para informar a todo o alumnado do centro sobre o noso traballo, entregando folletos informativos.

#### Avaliación final

Con este proxecto contribuímos a facer máis achegada e accesible ao alumnado do centro, toda a información relacionada coa xuventude: cursos, concursos, campamentos, bolsas, información académico profesional, ...

Consideramos pois que a avaliación xeral do traballo levado a cabo é positiva e resultou moi enriquecedora tanto para os Correspondentes como para toda a comunidade educativa, favorecendo a participación, fomentando e desenvolvendo un espírito crítico e potenciando a asunción de responsabilidades.

En canto aos instrumentos de avaliación empregados dicir que sobre todo o que fixemos foi continuar potenciando a posta en común de ideas e a consulta personalizada sobre as actividades desenvolvidas aos distintos colectivos da comunidade educativa, facendo melloras sempre que nos foi posible.

## 5. Profesorado

O equipo de profesores e profesoras que participaron activamente no proxecto está formado por:

- Sandra Ruibal Santiago
- María Antonia Segura Alcázar
- José Otero Bargos
- Casilda Basteiro Gómez
- Isabel Sanmiguel Suárez

Aínda que especificaremos a continuación o traballo desenvolvido por cada un, queremos incidir en que case todas as tarefas foron desenvolvidas dun xeito compartido.

- **Sandra Ruibal Santiago**

- Como coordinadora encargueime de toda a xestión administrativa do proxecto, de contactar telefonicamente ou a través do correo electrónico cos responsables das actividades dentro ou fóra do centro, co alumnado participante e co resto de profesores/as que colaboraron na realización dalgunha tarefa, como por exemplo os titor@s .
- Colaboración e coordinación de todas as actividades realizadas:
  - participación en todas as propostas e decisións tomadas nas reunións semanais que mantivemos no punto de información da Biblioteca;
  - selección e organización da información exposta polo equipo da Biblioteca;
  - facilitándolles a impresión dos materiais ás Correspondentes encargadas de publicar no taboleiro do centro.
  - Selección de toda a información académica e profesional de interese para o alumnado do centro.
  - Actualización da guía de orientación académica e profesional centrada nos temas de interese para o alumnado do noso centro.
- Elaboración dun folleto informativo para dar a coñecer ao alumnado do centro a existencia e o traballo dos Correspondentes.
- Coordinación das charlas informativas sobre o traballo desenvolvido polo grupo de “Correspondentes Xuvenís 3.0” que as distintas correspondentes impartiron en todos os grupos durante as sesións de tutoría.
- Elaboración da memoria do proxecto.
- Encargado da cohesión e motivación do grupo.

- **María Antonia Segura Alcázar**

- Colaboración e participación en todas as propostas e decisións tomadas nas reunións semanais que mantivemos no punto de información da Biblioteca.
- Encargada do mantemento e organización do taboleiro situado na entrada do instituto. Colabora co coordinador do proxecto na xestión do traballo desenvolvido polas alumnas responsables da actualización da información.

- **José Otero Bargas**

- Colaboración e participación en todas as propostas e decisións tomadas nas reunións semanais que mantivemos no punto de información da Biblioteca.
- difusión de actividades a través da páxina web do instituto, Symbaloo e Facebook;

- difusión das actividades e do traballo realizado polo grupo de orientación académica e profesional a través das redes sociais e coa creación dun apartado específico na web do instituto;
  - Responsable da creación e mantemento da parte informática do proxecto: conta de correo electrónico, páxina de Facebook, páxina de Symbaloo, ...
  - Colabora co coordinador do grupo na comprobación da correcta publicación, por parte das alumnas responsables, na web do centro e nas redes sociais da información seleccionada a tal efecto.
  - Revisión de webs de interese e publicación de información.
- **Casilda Basteiro Gómez**
    - Colaboración e participación en todas as propostas e decisións tomadas nas reunións semanais que mantivemos no punto de información da Biblioteca.
    - Responsable do punto de información da Biblioteca e encargada de colaborar e informar dende alí ao resto do alumnado do centro en canto a todas as actividades levadas a cabo polos Correspondentes. Colabora co coordinador do proxecto na xestión do traballo desenvolvido polas alumnas responsables deste punto de información.
- **Isabel Sanmiguel Suárez**
    - Colaboración en todas as actividades realizadas:
      - participación en todas as propostas e decisións tomadas nas reunións semanais que mantivemos no punto de información da Biblioteca;
      - selección e organización da información exposta polo equipo da Biblioteca;
      - facilitándolles a impresión dos materiais ás Correspondentes encargadas de publicar no taboleiro do centro.
      - Selección de toda a información académica e profesional de interese para o alumnado do centro.
      - Actualización da guía de orientación académica e profesional centrada nos temas de interese para o alumnado do noso centro.
    - Colaboración das charlas informativas sobre o traballo desenvolvido polo grupo de “Correspondentes Xuvenís 3.0” que as distintas correspondentes impartiron en todos os grupos durante as sesións de titoría.



## 6. Bibliografía e ligazóns utilizadas

Xuventude: <http://goo.gl/JCyOHf>

INFOXOVE: <http://goo.gl/nYIA1V>

INJUVE: <http://goo.gl/780747>

Facebook injuve: <https://goo.gl/i2Sk5x>

Deporte e xuventude. Concello de Marín: <http://goo.gl/7g2tKA>

Orientación académica e profesional: <http://goo.gl/9cpNY2>

FP: <http://www.edu.xunta.es/fp/>

LOMCE: <http://lomce.mecd.es/itinerarios>

Carnés para a mocidade: <http://goo.gl/fClSzG>

MEC: <http://goo.gl/oxyor6>

Bolsas MEC: <http://goo.gl/NziCCj>

Consellería de Educación. Xunta de Galicia: <http://www.edu.xunta.es>